

ct

Fendas

de
Ernesto Is

(fragmento)

*«En cada uno de nosotros hay un río oculto
a punto de desbordarse.
Si no son los miedos, es el arrepentimiento.
Si no son las dudas, la impotencia.»*
El río, Kirmen Uribe

PERSONAXES

Ada
O seu Avó
A súa Avoa
Anna
Gael

Esta obra, coma case todas, escribiuse mirando de esguello á súa futurible posta en escena. Os múltiples personaxes da mesma poden (e deben, por economía dramática e orzamentaria) ser asumidos sobre as táboas por un número máis reducido de intérpretes. Dúas actrices e dous actores sería o ideal.

NA TERRA

1.
REGOS

Frío invernal. O AVÓ fende a terra.

AVÓ

Coidado. Non te manques. Ada, coidado. Non te fagas dano. Coidado. Non corras entre os regos. Os regos que fendo na terra. Fágoos porque teño que facelos. Féndoos porque hai que deixar espazo á vida. Así. Sementar a terra con palabras. Ves? Para que xermine a vida. Agora as sementes durmirán entre pedras e vermes durante un tempo para logo espertar nunha mañá de primavera. Comprendes, pequena? Das palabras nace a vida. Comprendes o que che quero dicir? Das palabras crecen o recordo e a lembranza. Senta aquí. Senta comigo, ao meu carón. Escóitame, meu amor. Deixa de correr un pouco. Iso é. Así. Aquí. Ao meu carón. Escóitame. Estás suando. Súas moito. A suor esvara da túa fronte ás túas meixelas. Un río na túa faciana... O río da túa vida... Gústache mollar os pés na auga do río? Claro que che gusta. A quen non? A corrente fría faiche cóxegas e os peixes bícanche as plantas, coma se che estivesen dando a benvida ao seu fogar. A tranquilidade de estar en casa. Ti sabes que os salmóns remontan os ríos para poñer as ovas nas partes altas? Arriscan as súas vidas para regalarlles unha vida ás súas crías. Morren para deixarlles vivir. É curioso: a importancia que unha pantasma ten nun vivo. A morte dá paso á vida. Enténdelo, Ada? É unha ironía. Ti sabes o que é unha ironía, miña parrula? Non, claro que non. As ironías son tráxicas e, ás veces, graciosas. Fan rir. Ris cunha risa amarga. Ris cunha bágoa pendurada do teu ollo dereito mentres o teu ollo esquerdo se pecha para non ver o que está a pasar. Así son as ironías. Oxalá non teñas que coñecer ningunha na túa vida. Oxalá a túa maior ironía sexa non saber o que é unha ironía. Vai frío e comeza chover. Imos dentro, Ada. Resgardémonos desta choiva. Atopemos un refuxio. Dentro, na casa, estase mellor. Dentro seguirei a contarche máis historias. Si, historias de animais. Historias do pasado. Historias da vida. Historias que sempre teñen que ver co presente. Esas historias calmas que se contan trala tormenta. Historias, non contos. Aborrezco os contos. Odio os contos. Sobre todo eses contos nos que sabes como vai rematar todo moito antes de comezar. Houbo unha vez, hai moito tempo, unha princesa recluída nun castelo de pedra... Chove con forza. Imos dentro, meu amor. Resgardémonos deste frío. Afastémonos do inverno. Aínda queda moito para a primavera. Aínda queda moito para que a vida xurda destes regos. Esperarémola dentro, contando historias. Aínda queda moito para que ti comprendas todo. Aínda es moi pequena para remontar o río. Pero ti sabes...? Ti... Ti viches...? Algunha vez tiveches a oportunidade de ver a dous cans baténdose cos dentes baixo a Lúa? Vichelos algunha vez, Ada? É unha imaxe marabillosa.

2.

MAZÁS

Fogar. A radio está acendida. Unha mesa de madeira chea de mazás de diversas cores e tamaños. Con precisión cirúrxica o AVÓ talla as froitas cun coitelo e da carne saca pequenas figuras antropomórficas: mulleres, nenos, homes, anciáns... Cada figura única, cada figura diferente á anterior. O AVÓ disponas en diferentes situacións cotiás máis ou menos recoñecibles por toda a madeira sen deixar un oco baleiro. De súpeto detén a súa acción. Apaga a radio. Creu escoitar un ruído. Escoita o silencio. Contempla a súa creación. Escolle unha das figuras ao azar. Cómea. Silencio. Volve escoitar.

3.

A CARTA

ADA

Recibín a túa carta, avó. Recibín a carta que me deixaches sobre a mesa de madeira, ao carón dos teus bonequiños de froita. Lembro cando de nena xogaba contigo na horta, recollendo, sementando. Como esquecerme diso? Como non recordalo? Ti estabas a sementar a terra mentres eu corría entre os regos. Logo collíasmeme no teu colo e contábasme historias do pasado, historias de animais, historias que sempre tiñan que ver co presente. Gustábanme moito esas historias. Encantábanme. Aínda, despois de tantos anos, me seguen gustando. Aínda as recordo. Eu créoas. Creo as túas historias, sempre as crin. Pero isto... Esta historia supera todas as demais. A historia que me contas neste papel non é real, non pode ser real. Non é a túa historia. Que man escribiu por ti? Que mente decidiu por ti? Que pés camiñaron por ti, lonxe do noso fogar? Fúcheste. Desapareciches. Sen avisar, sen deixar rastro ningún. Coa única pista dunha estraña carta escrita ás présas e abandonada sobre unha mesa de madeira. Os parágrafos cheiran a medo. As letras berran de terror. Nos signos de puntuación podo verte a ti tremendo por algo ou por alguén. Que foi o que che pasou avó? Por que fuxiches? Por que me deixaches soa sen máis historias para contarme? Por que desapareciches?

4.

21 DE SETEMBRO

Fogar. Espazo violentamente desordenado. O AVÓ non está. O volume da radio está tan alto que molesta. No aparato escóitase a voz das noticias.

RADIO

Hoxe, 21 de setembro, o noso Excelentísimo Xefe do Estado faleceu. Por orde do Ministro de Gobernación decrépanse catro días de loito nacional en honor á figura dun dos salvadores da patria trala cruenta guerra civil que asolou este país hai agora vinte anos. A capela ardente situarase...

ADA entra na habitación e ve a carta sobre a mesa de madeira. Le en silencio.

RADIO

Hoxe, 21 de setembro, o gran opresor do estado morreu. Por orde do Goberno de Liberación Nacional prohibíbase calquera tipo de manifestación favorable ao antigo réxime que sumiu ao país nunha sanguenta guerra civil hai agora vinte anos. As primeiras medidas democráticas...

Cando remata de ler, ADA apaga a radio.

5.

COMISARÍA

ADA na actualidade, o seu AVÓ vinte anos antes

POLICÍA

O procedemento é o seguinte: se pasadas 48 horas non se ten ningunha nova ou información da persoa en cuestión, automaticamente dáse por desaparecida e podemos comezar coa investigación. Ata ese momento non podo facer o que vostede me está a pedir, comprende?

ADA

Cando vou velo?

AVÓ

Por que non podo vela?

POLICÍA

Así son os tempos e así é como temos que proceder. Ten que entendelo.

ADA

E vostede ten que entender que o meu avó non é unha persoa que adoite desaparecer habitualmente.

AVÓ

Non entende que é a miña filla?

POLICÍA

Ten que tratar de comprendelo. Estes últimos días están sendo unha verdadeira loucura. Vostede non le os xornais? Vostede non escoita a radio? Vostede non sabe o que está a pasar?

ADA

Seino.

AVÓ

Seino ben.

POLICÍA

Pois actúe en consecuencia.

ADA

Iso estou a facer.

AVÓ

E que cre que fago?

POLICÍA

Non, non o fai.

ADA

Todo o que fago, fágoo por el.

AVÓ

Só penso nela.

POLICÍA

Ah, non entende...

ADA

Por el...

AVÓ

Nela...

POLICÍA

Non podo facer nada máis por vostede. Boas tardes.

ADA

Así?

AVÓ

Xa?

POLICÍA

Como?

ADA

“Non podo facer nada máis por vostede. Boas tardes”?

AVÓ

Iso é todo?

POLICÍA

Non podo facer nada máis. Así é o procedemento. Eu non ditamino as normas nin manexo os

tempos. Burocracia, papeis... Non, non, non, non!

ADA
Nin o fará.

AVÓ
Ten medo.

POLICÍA
Como di?

ADA
Ninguén poderá establecer as súas propias regras mentres sigamos vivindo baixo a sombra do medo.

AVÓ
Ten medo. Medo de ser a nota disonante nesta orquestra da barbarie.

POLICÍA
Non comprende o alcance da situación. Non comprende o que está pasar neste momento nas rúas, o momento histórico que está a vivir este país. Se o entendera, se tivera un mínimo de intelixencia e soubese razoar, pecharía a súa enorme boca de inmediato e sairía por esa porta antes de que eu aprrobe unha orde de detención contra vostede.

ADA
Ameázame?

AVÓ
Amedréntame?

POLICÍA
Advírtolle. Hai moitas feridas que coser neste país e asegúrolle que non vai ser unha operación agradable de ver.

ADA
Non son parva.

AVÓ
Non son un neno.

POLICÍA
Tampouco parece moi intelixente.

ADA
Levo anos calando.

AVÓ

Non penso calar.

ADA

Dezanove. Teño dezanove anos e, en cada un deles, en cada minuto cumprido, en cada día vivido, tiven que calar. Estou farta, non quero nin podoo calar máis.

AVÓ

Ela díxome que non calase máis.

POLICÍA

Hai un enorme rancor medrando no seu interior.

ADA

Obrigáronme a esquecer e esquecín. Dixéronme que calara e calei. E agora queren que renuncie ao único que me queda?

AVÓ

Fala de pechar feridas, pero en cada palabra que di non fai máis que abrilas. Quérennos mudos e xordos.

POLICÍA

É o xusto para seguir adiante. O xusto para construír unha nova nación.

ADA

Desde o esquecemento?

AVÓ

Desde o medo?

POLICÍA

Desde a xustiza.

ADA

Non me faga renunciar ao meu avó. Iso non é xustiza.

AVÓ

Xustiza sería poder ver á miña filla.

POLICÍA

Así é o procedemento.

ADA

Onde está o meu avó? Onde teñen ao meu avó?

AVÓ

Onde a teñen detida? Onte está a miña Anna?

POLICÍA

Non podo facer nada máis.

ADA

Por que o reteñen? Que queren del?

AVÓ

Déixena en paz, ela non fixo nada.

POLICÍA

Boas tardes.